



# Familia e lectura

José Ramón Iraola

Hoxendía son moitos os pais que piden fórmulas máxicas para espertar nos seus fillos o desexo lector. Ás veces son pais concienciados e informados sobre os intereses lectores na infancia e, incluso, preocupanse por coñecer a bibliografía máis axeitada pero, nembargantes, o que verdadeiramente necesitan é dar coa pócima máxica, coa pedra filosofal que lles asegure que os seus fillos/as sexan uns grandes lectores, entendendo como lectores aqueles que len por pracer, aqueles que aman os libros coma a persoa amada. A este lexítimo desexo os profesionais da lectura sempre responden do mesmo xeito: “non existen fórmulas máxicas, pócimas segredas, beberaxes nin sortilexios que poidan converter unha persoa en lectora”.

Esta conquista só é posible con esforzo, convencemento e persistencia tendo en conta que, ademais, cada neno/a é un universo diferente e que para iso non serven estratexias colectivas, senón individuais e que, por outra parte, como sinala Daniel Pennac no seu magnífico libro “Como unha novela”, o primeiro dereito do lector é o seu dereito a non ler. Ler non é unha obriga. O ler como o amar non admite imperativos. Non obstante, se se quere acadar o obxectivo, a familia debe asumir un papel protagonista.

A mellor maneira de facer os teus fillos/as lectores é que te vexan ler, ler con eles compartindo lecturas.

Os fillos/as que teñen a sorte de que os eus pais os senten de xeonllos e lles dediquen tempo recreándose nas imaxes dun conto xamais o esquecerán. É posible que moitos pais perderan os hábitos lectores ou, sinxelamente, que nunca o foron pero si existe un desexo real de colaborar na formación dos seus fillos/as, estes pais poden descubrir ou redescubrir o pracer da lectura.

O ser humano é o único animal que necesita que lle conten historias. ¿Quen non ten un recordo da súa avoa contándolle historias á beira da cama antes de durmir?. É a tradición oral que transmite a herdanza cultural.

Ler é unha grande aventura que comeza na nenez e non se acaba nunca. Pero ler por amor á lectura non se improvisa.

A arte de ler non se adquire nun momento concreto da vida, senón gradualmente. Como di Borges “todas as cousas son palabras”.

Non hai que desesperar; os resultados case nunca son espectaculares ou inmediatos. Pero o que si se pode levar desde o seo familiar é que os nenos/as atopen un clima favorable nun contorno onde o libro teña un lugar preferente e a relación con el sexa de auténtica paixón, de auténtico amor.

Neste mundo, onde a tecnoloxía e os seus acólitos son os que marcan a pauta do mesmo, ben vén facer con esta proclama de Aldoux Huxley na súa obra “Un mundo feliz”:

Hai quen non pode  
imaxinar un mundo  
sen páxaros.

Hai quen non pode  
imaxinar un mundo  
sen auga.

Polo que a min respecte  
son incapaz de  
imaxinar un mundo  
sen libros.